



INFORME- MEMORIA DA ALCALDÍA

CONTRATO DE SERVIZOS “PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS” DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL. EXPTE. 2174/2024.

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

Conforme ao que determina o artigo 28 e 116 da LCSP 2017 con carácter previo ao comezo do expediente de contratación procede determinar a idoneidade do obxecto do contrato e o contido para satisfacelas, para ese efecto infórmase o seguinte:

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no seu artigo 30 expón en que suposto debe actuarse con medios propios e cando procede recorrer a terceiros. A este respecto para a prestación de servizos senta o principio de execución pola propia administración, ao establecer: *“3. A prestación de servizos realizarase normalmente pola propia Administración polos seus propios medios. Con todo, cando careza de medios suficientes, previa a debida xustificación no expediente, poderase contratar de conformidade*

Ao regular a preparación dos contratos das Administracións públicas no artigo 116 establécese esta obrigatoriedade: *“1. A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta Lei e que deberá ser publicado no perfil do contratante”.....4.No expediente xustificarse adecuadamente:..... f) Nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios.”*

O cal, de acordo co art. 63.3 debe ser obxecto de publicación xunto cos pregos que haxan de servir de base á contratación. Na contratación de servizos de carácter intelectual, haberá que xustificar a imposibilidade de acometelos con empregados públicos, e ademais ter en conta que estes contratos non poden encubrir relacións laborais. A este respecto o artigo 308.2 LCSP advirte de que en ningún caso a entidade contratante poderá instrumentar a contratación de persoal por medio do contrato de servizos, incluídos os que por razón da contía tramítense como contratos menores.

En base ao disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP), cando se faga necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

2. NECESIDADE DA CONTRATACIÓN





A POBRA DO CARAMIÑAL CONCELLO

Para a prestación do SERVIZO “**DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS**” non se dispón de medios municipais axeitados, tanto para traballos preventivos como para a extinción de incendios forestais. O Concello ten suscrito un Convenio inter-administrativo entre a Consellería de Medio Rural e o Concello da Pobra do Caramiñal para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o período 2023-2024, co-financiado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia, o cal reporta nesta anualidade de 2024 a contía de 38.000,00 €, aportando o Concello da Pobra con cargo a recursos propios do vixente Orzamento Municipal o importe de 14.667,18 €.

A competencia municipal está recollida no artigo 25.2.f) no relativo á prevención e extinción de incendios.

3. INSUFICIENCIA DE MEDIOS

O Concello da Pobra do Caramiñal non conta con persoal propio para prestar o servizo. No actual cadro de postos de traballo, que figura como Anexo ao vixente Orzamento Municipal para o exercicio de 2024, non figuran postos da natureza do servizo a prestar, non existen bombeiros, nin persoal que se adique ás tarefas de prevención e extinción de incendios forestais, polo que se precisa acudir a un contrato de servizos para poder cumprir as obrigas establecidas no vixente Convenio inter-administrativo suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello da Pobra do Caramiñal.

O convenio vixente recolle a obriga da formación dunha brigada a cal integrárase no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal IV - Barbanza en Noia, priorizando a actuación da brigada na extinción de incendios forestais respecto de outros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do seu termo municipal, conforme ao previsto no PLADIGA no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación en tales supostos. A integración no dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (en adiante SPDCIF) realizarase baixo o mando único descrito no PLADIGA, plan director ao cal está adherido o Concello da Pobra do Caramiñal. Os traballos de extinción serán marcados sempre por persoal do SPDCIF aos responsables das brigadas.

Os tratamentos preventivos de forma teñen como obxectivo a diminución da carga de combustible. Os traballos destes tratamentos preventivos manuais en zonas non mecanizables consistirán en labores silvícolas, como rozas, rareos e posterior eliminación de restos.

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal da brigada municipal participará nas





A POBRA DO CARAMIÑAL CONCELLO

operación de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da Consellería competente en materia forestal.

Por todo o anterior, considérase adecuadamente xustificada a insuficiencia de medios, consonte ao establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

4. XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES

O artigo 99.3 da LCSP establece que o órgano de contratación poderán non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse no expediente.

O obxecto do contrato é un servizo único. As motivacións para a súa non división en lotes:

- Evitar a des-coordinación que puidera producirse nos servizos ante varias adjudicatarias, e simplificar os trámites administrativos, informativos e operativos ao tratar cunha soa adjudicataria.
- A prestación dos servizos en varios lotes suporía un encarecemento con respecto ao orzamento estimado para unha licitación en lote único, baixan os custes de persoal ao ser máis vantaxosa a súa xestión con unha soa lote e adjudicataria, así como os custes operacionais.
- Contemplan un único lote reducirá o tempo de resolución de problemas pola desaparición de intereses de diferentes empresas e lotes, reducirá a complexidade e a carga de traballo para os servizos municipais, e para acadar o fin que se persegue, como é a prevención e extinción de incendios forestais.

1. ELECCIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN E DOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN.

Logo de ver o estudo económico, o importe do valor estimado do contrato (sen IVE), un ano e dúas posibles prórrogas, é de 43.526,59 euros por cada anualidade, totalizando polos 3 anos a contía de 130.579,77 euros, aplicando o IVE, 21%, supón un orzamento base de licitación de 158.001,52 €.

Polo anterior o procedemento de contratación será o aberto simplificado, artigo 159.4 LCSP, tramitación ordinaria, sen división en lotes e non estará suxeito a regulación harmonizada.

Consonte ao establecido no artigo 132 LCSP garantirase no procedemento de contratación os principios de igualdade, transparencia e libre competencia. O órgano de contratación dará aos licitadores un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustarán a súa actuación aos principios de transparencia e proporcionalidade. No procedemento garantirase a súa publicidade por medio da publicación no perfil do contratante aloxado na sede electrónica municipal e Plataforma de Contratos do Sector Público, e





**A POBRA
DO CARAMIÑAL
CONCELLO**

velará en todo o procedemento de adxudicación pola salvagarda da libre competencia

De conformidade co establecido no artigo 145 LCSP, a adxudicación dos contratos realizarase, con carácter xeral, utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo, estableceranse nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, e deberán cumprir os seguintes requisitos:

1º Estarán directamente vinculados ao obxecto do contrato.

2º Deben formularse de maneira obxectiva, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade.

3º Deben garantir a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva e ir acompañadas de especificacións que permitan comprobar de maneira efectiva a información facilitada polas empresas licitadoras co fin de avaliar en que medida as ofertas cumpren cos requisitos de valoración.

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a varios criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo. Neste procedemento empregaranse os seguintes:

A) CRITERIOS SUBXECTIVOS DE VALORACIÓN:

Criterios que dependen dun xuízo de valor: ata un máximo de 25puntos.

Proposta técnica de desenvolvemento do servizo: ata un máximo de 25 puntos. Valorarase neste apartado os aspectos que redunden na calidade da prestación do servizo Para a avaliación da proposta técnica (máximo 25 puntos) terase en conta:

- XESTIÓN (máximo 10 puntos):
 - Protocolo de xestión da prestación do servizo: Máximo 5 puntos
 - Protocolo de seguimento do servizo. Máximo 5 puntos.
- COORDINACIÓN (máximo 10 puntos):
 - Sistema de información e coordinación interno da empresa (Dirección/coordinación/ asignación medios humanos: Máximo 5 puntos.
 - Sistema de información e coordinación co concello. Máximo 5 puntos
- CALIDADE (máximo 5 puntos):
 - Protocolo de actuación diante de situacións excepcionais ou emerxencias: Máximo 5 puntos.

A) CRITERIOS OBXECTIVOS DE VALORACIÓN:





**A POBRA
DO CARAMIÑAL
CONCELLO**

Criterios avaliáveis de forma automática: ata un máximo de 75 puntos.

- OFERTA ECONÓMICA: Ata un máximo de 65 puntos.
Valórase ata 65 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan). Calcularase aplicando a fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela e aplicable, entre outros nos procedementos de contratación da Deputación da Coruña, a cal pódese consultar no seguinte enlace: (<https://www.dacoruna.gal/contratacion/valoracion/>).

- CONTRATACIÓN DE DESEMPREGADOS. Abano de 0 a 5 puntos.
O licitador que teña a maior porcentaxe de traballadores que sexan contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego conseguirá a máxima puntuación. As demais porcentaxes valoraranse proporcionalmente

- IGUALDADE. Existencia de plan de igualdade na data de publicación da licitación. Abano de 0 a 5 puntos
A empresa estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución do contrato.
A empresa que conte con plan de igualdade acreditado ou presentado no rexistro correspondente obterá a máxima puntuación deste criterio, a empresa que non conte con plan de igualdade cualificarase con 0 puntos.

Aos efectos do disposto no artigo 126 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, faise constar que os criterios obxectivos e subxectivos que se establecen como criterios de adxudicación, proporcionarán aos empresarios o acceso en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e non teñen por efecto a creación de obstáculos inxustificadas á apertura da contratación pública á competencia, cumprindo así o establecido no art. 126 LCSP, así redactaranse os pregos que rexerán a licitación, adxudicación e execución do contrato coas premisas sinaladas nesta memoria.

Na data da súa sinatura dixital

O alcalde





**A POBRA
DO CARAMIÑAL**
CONCELLO

José Carlos Vidal Suárez

